

FIRMADO POR 77594722J- LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-08-21 13:45:34.00) , 32647915J- MANUEL RODRIGUEZ VAZQUEZ (FECHA: 2023-08-21 14:06:27.00)

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE LUGO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2023-2024 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez Vázquez, nomeado mediante o Decreto 196/2020, do 26 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

E da outra, a entidade local, Concello de Lugo, representada neste acto polo/a alcalde/sa, Lara Méndez López, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN:

Primeiro. O día 29/06/23 a Consellería do Medio Rural e o Concello de Lugo asinaron o convenio interadministrativo para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023 e 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Segundo. O convenio asinouse co obxecto de desenvolver as seguintes accións de prevención e defensa contra incendios forestais no ano 2022-2023:

Actuación por anualidade		Número	Duración	Superficie
a)	Vehículo motobomba	0	3 meses	
b)	Labores de vixilancia e defensa	1	3 meses	
c)	Labores de prevención de xeito manual	1		
d)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			100ha



Terceiro. Segundo o establecido na cláusula vixésimo sétima o convenio poderá ser obxecto de modificacións ou prórrogas logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.

Cuarto. A cláusula oitava, punto 1 do convenio regula a composición das brigadas do seguinte xeito:

1. Cada brigada que se forme estará composta por:

- a) Unha persoa coa categoría de xefe/a de brigada. Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.
- b) Unha persoa coa categoría peón condutor con permiso de conducir tipo B.
- c) Tres persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constitúa unha brigada de 5 compoñentes.

Quinto: Unha vez asinados os convenios, as entidades expresaron as dificultades que se están a producir nos procesos de selección de persoal para a constitución das brigadas e para completar o número de membros, nalgúns casos estanse realizando ata tres edicións do proceso chegando a asinar ata catro contratacións.

Tendo en conta que a circunstancia de non existiren persoas candidatas suficientes e mesmo que algunhas ofertas quedaran desertas obriga a realizar un axuste no clausulado do convenio de xeito que poidan existir con dereito á axuda instrumentada neste convenio brigadas de cinco membros (xefe/a de brigada, un peón condutor, tres peóns) pero tamén de catro (xefe/a de brigada, un peón condutor e dous peóns), sen que isto afecte substancialmente a súa operatividade.

Esta modificación garante a constitución dun maior número de brigadas, indispensables para complementar o operativo do SPIF no período de alto risco de incendio forestal, e ao tempo impide que as EELL se vexan obrigadas a renunciar a levar a cabo esta actuación subvencionada por non poder constituílas.

Polo exposto, as partes acordan asinar esta addenda, que ten por obxecto modificar as cláusulas segunda, punto 2; terceira, punto 1; oitava, punto 1 e décimo cuarta, último parágrafo do punto 2 do convenio asinado, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Modifícase a cláusula segunda, punto 2, engadindo un parágrafo ao final do punto 2 como segue:



Nos casos en que a brigada finalmente se constitúa con 4 membros a cantidade establecida no apartado b) deste cadro será minorada en 3.800,00 € na anualidade que corresponda.

SEGUNDA.- Modifícase a cláusula terceira, punto 1 , que queda redactada como segue:

1.- Actuacións en materia de extinción de incendios:

- a) “Vehículo motobomba”: vehículo todo terreo equipado con cisterna e bomba de auga.
- b) “Labores de vixilancia e defensa”: unidade composta por 4 ou 5 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses. Para a súa constitución deberán cumprir as condicións establecidas na cláusula oitava.

TERCEIRA.- Modifícase a cláusula oitava, punto 1 , que queda redactada como segue:

1. Cada brigada que se forme estará composta por:

- a) Unha persoa con categoría de xefe/a de brigada. Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencia e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir tipo B.
- b) Unha persoa coa categoría de peón condutor con permiso de conducir tipo B.
- c) Dúas ou tres persoas coa categoría de peón de brigada, segundo se constitúa unha brigada de 4 ou 5 membros.

CUARTA.- Modifícase a cláusula décimo cuarta, último parágrafo do punto 2, que queda redactada como segue:

O importe máximo da axuda será de 19.000,00€/ ano para as brigadas constituídas con 5 membros e de 15.200,00 €/ano para as brigadas constituídas con 4 membros podendo ser minorado segundo o establecido na cláusula vixésima, punto 1 b). Para evitar o dobre financiamento a suma dos gastos de persoal imputados ás labores de vixilancia e defensa e ás dos labores de prevención, unha vez descontados os períodos de inoperatividade non poderá ser superior ao importe total dos gastos de persoal abonados pola entidade local. A este fin, teranse en conta os importes de custes de persoal establecidos para o cálculo do baremo de custes unitarios de prevención de incendios de xeito manual por hectárea e parcela e, no caso de as sumas totais superen o custe de persoal, precederase á minoración do importe desta axuda na contía que corresponda.





CVE: 0762s4SvB6B0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

Asinado por: MANUEL RODRIGUEZ VAZQUEZ
Cargo: Director Xeral de Defensa do Monte
Data e hora: 21/08/2023 14:06:27

Asinado por: MENDEZ LOPEZ, LARA
Cargo: ALCALDESA (CONCELLO LUGO)
Data e hora: 21/08/2023 13:45:34



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural
Europa inviste no rural



QUINTA. Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTA. Contido non modificado do convenio.

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan esta addenda, no lugar sinalado no encabezamento

O conselleiro do Medio Rural

O Alcalde do concello de Lugo

P.D. Orde do 17.11.2015 (DOG núm. 223 do 23.11.2015) O director xeral de Defensa do Monte

Lara Méndez López

Manuel Rodríguez Vázquez